

**COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE OÍN**  
**PARROQUIA DE OÍN**  
**15911 ROIS – A CORUÑA**

**CONVOCATORIA**

Estimado/a comuneiro/a:

Mediante a presente convócaselle para a ASEMBLEA XERAL ORDINARIA que convoca a Xunta Reitora da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Oín.

DATA	LUGAR	1ª CONVOCATORIA <sup>1</sup>	2ª CONVOCATORIA
VENRES 19 XUÑO DE 2026	SALÓN PLENOS CONCELLO DE ROIS	17:00 HORAS	19:00 HORAS


**ORDE DO DÍA:**

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación do Listado de Comuneiros.
3. Presentación e aprobación das contas anuais 2025.
4. Autorización ó Presidente para a solicitude de subvencións.
5. Autorización ó Presidente para a realización de cortas.
6. Previsión / propostas de traballos a realizar para o que queda 2026 e para o 2027:
  - Corta de madeira na Ataúde.
  - Corta de madeira en Cornide.
  - Corta de madeira por danos naturais en Lobéns.
  - Plantación de sequoias/ castiñeiros na contorna da estrada AC-301 no lugar da Ataúde.
  - Rozas nas distintas zonas do monte comunal.
7. Proposta de modificación dos Estatutos do Monte Veciñal de Oín.
8. Aportación económica á Comisión de San Antonio para as Festas de Oín 2026.
9. Arranxo da cuberta do depósito da auga da atraída de Oín.
10. Colocación de monólito na entrada ó monte na Ataúde.
11. Colocación de marcos / mouteiras delimitando o perímetro do monte comunal.
12. Colocación de vitrina informativa na finca de Miñatas – A Igrexa.
13. Compra de casas para aniñar paxaros e morcegos.
14. Visita didáctica ó monte comunal, dirixida a comuneiros/as e as súas familias.
15. Informes / informacións varias.
16. Rogos, preguntas e suxestións.

Esperando contar coa súa asistencia, aproveito para saudalo/a atentamente.

En Oín, a 09 de Xuño de 2026.

Vº e prace do presidente



Luís Alberto Añón Vilariño

O secretario

COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES

**ARRIBA E ABAIXO**

- SANTA MARIA DE OIN -



Juan Carlos Cobas Gómez

<sup>1</sup> En caso de que non puidera celebrarse a asemblea na primeira convocatoria por non asistir polo menos a metade dos comuneiros, a asemblea celebraríase en segunda convocatoria ás 19:00 horas do mesmo día (Artigo 14 da Lei de Montes Veciñais en Man Común).